



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (01/2026)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e trinta e dous minutos do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas e trinta minutos. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 5 de decembro de 2025
- 2.- Aprobación da acta da sesión do día 19 de decembro de 2025
- 3.- Aprobación da acta da sesión do día 29 de decembro de 2025
- 4.- Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026
- 5.- Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 420/2025, de 18 de decembro, de aprobación do Convenio e solicitude de subvención do obradoiro de emprego Lambre Mandeo 2026 (Expediente Tedec núm. 2025/G003/000429)
- 6.- Actualización salarial do persoal empregado público do Concello correspondente aos anos 2025 e 2026

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2025

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención ou alegación. Non se produce ningunha. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 5 de decembro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección.

#### 2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2025

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

intervención. Non se produce ningunha. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 19 de decembro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección.

### 3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2025

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 29 de decembro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección.

### 4.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G006/000002, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

#### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña, de decembro de 2025, sobre o POS+ ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, as Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2026”, anexos, informes e demais documentación elaborada para solicitar a inclusión do Concello no mencionado Plan, propóñolle ao Pleno da corporación que adopte os seguintes acordos:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

<b>Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2026</b>	<b>89.369,07€</b>
--	-------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b> <b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS PARA O 2026</b>	<b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>	<b>IMPORTE SOLICITADO POS + ADICIONAL 2026</b>	<b>IMPORTE FINANCIADO CON OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.	17.219,86 €		17.219,86 €	17.219,86 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	25.000,00 €		25.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	399.823,42 €	256.309,44 €	143.513,98 €	43.784,21 €	99.729,77 €
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario	5.000,00 €		5.000,00 €	5.000,00 €	0,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS PARA O 2026</b>	<b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>	<b>IMPORTE SOLICITADO POS + ADICIONAL 2026</b>	<b>IMPORTE FINANCIADO CON OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>
<b>GASTOS CORRENTES</b>					
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	12.000,00 €		12.000,00 €	5.000,00 €	7.000,00 €
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.	4.000,00 €		4.000,00 €	4.000,00 €	0,00 €
<b>TOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>463.043,28 €</b>	<b>256.309,44 €</b>	<b>206.733,84 €</b>	<b>85.004,07 €</b>	<b>121.729,77 €</b>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>	<b>IMPORTE SOLICITADO POS + ADICIONAL 2026</b>	<b>IMPORTE FINANCIADO CON OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>
<b>GASTOS DE INVESTIMENTO</b>	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais. (Estes importes deben trasladarse ás columnas A, B e C da certificación do acordo plenario, ANEXO XV)	4.365,00 €		4.365,00 €	4.365,00€	0,00€
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais. (Estes importes deben trasladarse ás columnas A, B e C da certificación do acordo plenario, ANEXO XV)					
<b>TOTAL GASTOS DE INVESTIMENTO</b>	4.365,00 €		4.365,00 €	4.365,00€	0,00€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026 (A)	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
Gastos correntes	463.043,28 €	256.309,44 €	206.733,84 €	85.004,07 €	121.729,77 €
Investimentos: Tipoloxía i	4.365,00 €		4.365,00 €	4.365,00 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b>	<b>467.408,28 €</b>	<b>256.309,44 €</b>	<b>211.098,84 €</b>	<b>89.369,07 €</b>	<b>121.729,77 €</b>

IMPORTES SOLICITADOS	
I. Importe solicitado para gastos correntes	<b>85.004,07 €</b>
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	<b>4.365,00 €</b>
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)</b>	<b>89.369,07 €</b>

2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña do xeito establecido nas Bases do Plan, en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que o que pretenden é aprobar o POS Social desta anualidade, no que teñen unha cantidade de 89.369,07€. Que propoñen distribuíla do seguinte xeito: 17.219,86€ para sufragar a contratación, como estes anos de atrás, de persoal administrativo de reforzo de servizos sociais durante seis meses. Que tamén propoñen destinar 10.000,00€ a axudas de emerxencia social e a axudas ao estudo, dos cales 8.000,00 irían para axudas de emerxencia social, o que as incrementaría en 3.000,00€ respecto ao ano pasado, e 2.000,00€ en axudas ao estudo, como o ano pasado. 43.784,21€ para o servizo de axuda no fogar, que supoñería un aumento de 6.000,00€ respecto ao ano pasado, 6.500,00€. 5.000,00€ para o servizo de podoloxía, que funcionou moi ben o ano pasado, un aumento de 2.000,00€ respecto ao ano pasado. 5.000,00€ para os campamentos de verán. 4.000,00€ para o programa informático para o departamento de servizos sociais, o Cibersad, 1.000,00€ menos que o ano pasado. E que por último serían 4.365,00€ para a adquisición, como o ano pasado, de tres camas e unha grúa. Que a día de hoxe as camas que ten o Concello, unhas 16 ou 17, están todas ocupadas e fan falta máis,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

e que grúas si que hai dispoñibles pero en calquera momento poden facer falta e entón propoñen tamén a compra de este tipo de material. Resume que, con respecto ao ano pasado, suben as partidas de axudas de emerxencia social, de axuda no fogar e a de podoloxía.

Despois pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido Maroño, e manifesta que, como xa dixeron o ano pasado cando se aprobou o gasto social e como veñen denunciando en todos os plenos, que o servizo de axuda no fogar é un servizo que lle hai que dar unha volta e que lle hai que atender as necesidades que ten. Que a eles chéganlles queixas, que xa o dixeron por activa e por pasiva, que lles chegan queixas dos usuarios, que quedan sen atender, que están en lista de espera, que levan tempo en lista de espera, outros que quedan un día ou dous, cando lle cadra, sen atender e ninguén os avisa. Que todo isto o veñen dicindo pleno tras pleno, que hai que darlle unha volta e que hai que mirar por todas estas persoas que non están atendidas como realmente deberían de estar, que é algo que lles pertence por lei, porque o teñen recoñecido. Que entón, o seu grupo pide ao goberno que todos estes cartos sirvan para dedicarlles máis tempo ás persoas que o necesitan, máis atención, que teñan máis compañía porque tamén outras veces esquécense desas persoas que viven soas, que non teñen familia cercana, e que para o seu grupo as prioridades son as persoas e que esperan que para o goberno se vexa que tamén porque de momento moito non o viron. Que o que piden é que se atenda a toda esta xente que o necesite, pero que non están de acordo en que se siga investindo en persoal para oficina. Que consideran que eses cartos, eses 17.200,00€ se se engaden ao servizo de axuda no fogar, no sitio dos 43.784,00 €, se lle suman eses 17.200,00 do persoal, serían 60.984,00, e que entón xa verían aí un incremento máis grande para poder atender todas estas necesidades. Que que se poidan cubrir as vacacións das traballadoras para que ninguén quede sen atender é primordial. Que o diñeiro ten que vir para reforzar ese servizo e para dar as horas á xente que non as ten, que hai moita xente que non está recibindo as horas que lle pertencen, que, como xa ben dixo antes, é algo que lles pertence por lei, que non vale dicir que non hai traballadoras para facer o traballo, que iso non é unha escusa, que se están arriscando a que as familias manden unha queixa á Inspección, veña a Inspección e sancionen e despois a culpa outra vez do Partido Popular porque andan por aí dicindo... Que non, que aquí hai que facer algo xa para atender a toda esa xente que non está atendida e que a ver se lles entra ben que as persoas necesitan esa axuda, porque hai xente que o está pasando mal, que ao mellor están con problemas de mobilidade ou con outra serie de problemas e esa xente necesita axuda. Que o seu voto vai a ser a favor pero que si lles gustaría que eses 17.000,00€ de ese persoal para oficina se investira en persoal, pero en persoal para ir ás casas a atender a toda a xente que o necesita.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis e non se produce ningunha. Entón responde que volve a dicir que o problema é o persoal, que non é ningunha escusa, que están así a maioría dos Concellos da contorna... Interrómpeo a Sra. Voceira do Grupo Popular: Mentira. Continúa o Sr. Alcalde en funcións: sexan do grupo político do que sexan, que non se da atopado persoal para este ámbito... Volve interrómpeo a Sra. Voceira do Grupo Popular: Iso non é verdade. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que non cre que haxa solución ata que se modifique o convenio colectivo a nivel autonómico e se retribúa máis. Insiste a Sra. Voceira do Grupo Popular en que iso non é verdade. Prosegue o Sr. Alcalde en funcións dicindo que actualmente en Monfero só hai dúas persoas realmente que non teñen servizo, que o resto contan con servizo todas. Pregunta agora a Sra. Concelleira se teñen as horas que lles pertencen. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que iso non, pero que o servizo o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

teñen todas menos dúas persoas, garantindo que o servizo o reciban o mellor posible e que moitas das que están en dependencia o reciben a través da libre concorrència con horas do Concello, que ogallá que non houbera ningunha persoa pero que actualmente a día de hoxe hai dúas soas sen servizo, que ten habido moitas máis e que espera que nestes meses se poida dar ao cen por cen.

Pregunta agora se hai algunha intervención máis e non se produce ningunha. O Sr. Alcalde en funcións anuncia entón que se vai proceder á votación da proposta da Alcaldía sobre este punto da orde do día. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a proposta da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación, quedando adoptados os acordos que se conteñen nela.

### **5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 420/2025, DE 18 DE DECEMBRO, DE APROBACIÓN DO CONVENIO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO LAMBRE MANDEO 2026 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/G003/000429)**

A Resolución da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G003/000429, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

#### “RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN CONVENIO E SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO LAMBRE MANDEO 2026  
EXPEDIENTE: 2025/G003/000429

#### ANTECEDENTES:

Logo de ver a Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (Dog. Núm. 228, do 25 de novembro de 2025).

Visto que como resultado das xestións realizadas entre os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmador, elaborouse polo Enxeñeiro Agrónomo, D. JOSE LUIS VARELA FERNANDEZ, o documento nomeado Proxecto básico para Obradoiro forestal Lambre Mandeo 2026 na comunidade intermunicipal Lambre Mandeo, cun orzamento total de 49.604,52 €

Logo de ver o documento elaborado por D.<sup>a</sup> Ruth Álvarez Grande, AEDL do Concello de Monfero, denominado Memoria de Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026, cun orzamento total de 507.213,52 €.

Logo de ver o texto do convenio de colaboración a asinar entre os devanditos concellos que consta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

no expediente, para regular a solicitude e xestión compartida do devandito obradoiro, que beneficiaría á poboación desempregada de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.

Visto o informe da Secretaría-Intervención do día 17-12-2025 e demais documentación que así mesmo consta no expediente electrónico.

En base ás facultades que me confire a lexislación vixente, e no exercicio da autorización xenérica concedida polo Pleno da corporación para a aprobación e sinatura de convenios con outras Administracións Públicas para a solicitude de subvencións acordada na sesión celebrada o 19/07/2023.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

1. Aprobar, para os únicos efectos da súa sinatura e solicitude da subvención á que se refire, e por razóns de urxencia, economía de trámite, eficacia e economía, o convenio administrativo de colaboración que se reproduce deseguido como anexo para a solicitude de subvención e xestión compartida do proxecto denominado Obradoiro Forestal Lambre Mandeo 2026 nos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, todos eles limítrofes, ao que se fai referencia no parágrafo seguinte e adoptar os acordos que se conteñen no devandito convenio, e solicitar á subvención á que se refire por un importe de 445.576,00 €.
2. Aprobar o documento nomeado Proxecto básico de Obradoiro Forestal Lambre Mandeo 2026 na comunidade intermunicipal Lambre Mandeo, cun cun orzamento total de 49.604,52 €.
3. Aprobar o documento nomeado Memoria de Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026, redactado por D<sup>a</sup>. Ruth Álvarez Grande (AEDL do Concello de Monfero), cun orzamento total de 507.213,52 €.
4. Delegar no Concello de Aranga as facultades e actuacións para a formalización da solicitude de subvención para o dito proxecto, ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e determinar que o ámbito territorial de xestión é o dos municipios de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.
5. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde do 14 de novembro de 2025, tendo en conta que, en principio e segundo o proxecto, o importe total das achegas municipais é de 61.637,52€, dos que 12.033,00€ corresponden a gastos de funcionamento non subvencionables e financiaranse a partes iguais entre os catro concellos, entendendo que a cuarta parte desta cantidade, 3.008,25€, será a cota municipal equitativa que lle corresponde a este Concello, e que se compromete a chegar con cargo ao orzamento municipal do exercicio correspondente, así como a parte que lle corresponda dos 49.604,52 restantes, correspondente á realización do proxecto aprobado, que inicialmente é de 14.680,16 €. Tendo en conta que o obradoiro se executará no próximo ou próximos exercicios, adóptase o correspondente compromiso de gasto con cargo aos exercicios orzamentarios futuros que procedan dependendo do período de execución do obradoiro, sometendo os acordos á condición suspensiva de existencia de crédito orzamentario suficiente e axeitado neles.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

6. Declarar que non se solicitaron nin se concederon a esta entidade outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.
7. Declarar que esta entidade non solicitou nin participa en ningún outro Obradoiro ao abeiro desta orde de convocatoria.
8. Declarar que este Concello dispón, ou ten solicitadas, as autorizacións administrativas esixibles do organismo competente en materia de Patrimonio.
9. Comprometerse á execución da actividade segundo a porcentaxe da subvención.
10. Autorizar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para que comprobe os datos persoais que considere oportunos a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
11. A solicitude da subvención e a xestión do proxecto será realizada polo Concello de Aranga, que actuará como entidade promotora, incluíndo aspectos materiais, técnicos ou de servizo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.
12. Designar a D. Alberto Platas Álvarez, Alcalde do Concello de Aranga, como coordinador, interlocutor, preceptor da axuda solicitada e responsable da súa xustificación, se for o caso.
- 13.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre para a súa ratificación, á que queda vinculada.

### ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE OS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

En Aranga, decembro de dous mil vinte e cinco, REÚNENSE:

Dunha parte don Alberto Platas Álvarez e DNI nº 79.322.355R, en nome e representación do Concello de ARANGA, con CIF nº P1500300G e domicilio en Praza Mestre Mosquera (Ponte-Aranga) 15317 Aranga.

Doutra parte don Antonio Deibe Sanmartín, e DNI nº 32.625.692-P, en nome e representación do Concello de IRIXOA, con CIF nº P1504000-I e domicilio en Pazo de Irixoa, nº 6-A (15313 – Irixoa).

Doutra parte don Alberto Cortizas Rejo, e DNI nº 32.716.350T, en nome e representación do Concello de MONFERO, con CIF nº P1505100F e domicilio en Rebordelo 15619 Monfero.

E doutra parte don Carlos Vázquez Quintián, e DNI nº 32.663.674-V en nome e representación do Concello de VILARMAIOR, con CIF nº P1509200J e domicilio en Armada nº 1, 15637 Vilarmaior.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Comparecen as partes actuando no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñecéndose mutuamente plena capacidade legal para subscribir o presente documento conforme ao determinado na normativa vixente.

Da fe do acto, Dona Ana Ocampo Pérez Gorostiaga, Secretaria-Interventora do Concello de Aranga.

### EXPOÑEN:

Primeiro.- A Xunta de Galicia ten convocadas, mediante Orde do 14 de novembro de 2025, axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), coa finalidade de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas que teñan unha idade igual ou superior a dezoito anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de utilidade pública ou interese social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción no mercado de traballo.

Segundo.- Tanto a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como a Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

O artigo 11 desta última establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño. De feito os 4 concellos, xunto coa Deputación Provincial da Coruña teñen establecida unha comunidade, sen personalidade xurídica, para a cooperación en obras, servizos e actividades, denominada Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo de servizos públicos consorciados.

Terceiro.- Os concellos reunidos entenden que a organización dun obradoiro de emprego denominado OBRADOIRO FORESTAL LAMBRE-MANDEO 2026, redundará no beneficio da poboación desempregada e, en consecuencia, na súa mellora social e na súa economía, e que a súa solicitude e xestión compartida será máis eficaz e optimizará a utilización dos recursos de todos eles.

Polo exposto, conveñen nas seguintes

### CLÁUSULAS:

1) Os concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior establecen o presente convenio para colaborar na solicitude, organización e xestión compartida dun obradoiro dual de emprego denominado Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026, dentro dos programas mixtos de formación e emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Non se crea unha nova persoa xurídica, polo que a capacidade de obrar remítese á que posúen cada un dos concellos. O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto será o dos catro municipios conveniados.

2) O Alcalde-Presidente do Concello de Aranga queda facultado para solicitar, en nome e representación dos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, unha subvención á Xunta de Galicia, para o financiamento dun obradoiro de emprego denominado Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026, ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG nº 228 do 25-11-2025), segundo a Memoria de Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026, elaborada pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Monfero, D.º Ruth Álvarez Grande, cun orzamento total do plan formativo de 507.213,52 €, dos que 445.576,00 €, constitúen o importe da subvención solicitada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 3) O Concello de Aranga encargárase da tramitación da solicitude, en nome e representación dos concellos agrupados, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 e das demais actuacións necesarias para a posta en funcionamento, execución e xustificación do Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2026, no caso de que se resolva positivamente a solicitude. A impartición do obradoiro farase nos lugares indicados no proxecto e acordados polos catro concellos. Os medios de traballo, os gastos de funcionamento e todos os necesarios para o desenvolvemento do obradoiro, financiaranse con cargo a subvención que se obteña da Consellería e, na parte que corresponda á aportación municipal, segundo o establecido no proxecto, con cargo aos orzamentos municipais de cada un dos concellos. En concreto os gastos de funcionamento non subvencionables, 12.033,00€ financiaranse a partes iguais por cada un dos concellos, e o resto 49.604,52 € se financiará por cada concello de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Agrónomo José L. Varela Fernández.
- 4) A selección do alumnado - traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio realizarase de conformidade co establecido na Orde do 14 de novembro de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 228 do 25 de novembro de 2025. Os colectivos preferentes dos programas serán todos os que se establecen no art. 10 da dita Orde e no ámbito territorial dos catro concellos participantes.
- 5) O obradoiro terá a duración de 9 meses e o contido formativo que na dita Orde se establece ou, no seu caso, na orde de outorgamento da subvención, recollido na memoria do obradoiro.
- 6) O convenio ten natureza administrativa e terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión, execución e xustificación do seu obxecto.
- 7) O órgano de coordinación e seguimento será unha comisión formada polos alcaldes dos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior e un representante máis de cada concello, ben con carácter de corporativo ou ben pertencente ao seu persoal. Actuará como secretario a Secretaria-Interventora do Concello de Aranga, sen prexuízo do apoio que poida requirir do conxunto do persoal dos catro concellos conveniados. A comisión de coordinación terá as reunións extraordinarias que se precisen

En proba da súa conformidade asinan dixitalmente, na sala de sinaturas, na data e lugar indicados.

O ALCALDE  
Polo Concello de Aranga

O ALCALDE  
Polo Concello de Irixoa

O ALCALDE en funcións  
Polo Concello de Monfero

O ALCALDE  
Polo Concello de Vilarmaior

DOU FE:  
A secretaria- interventora de Aranga  
Ana Ocampo Pérez Goristiaga

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario  
Baldomero Beceiro Alonso"

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de que o pleno ratifique a solicitude dun novo obradoiro de emprego para este ano, que sería a mesma modalidade que o ano pasado, forestal, nove meses. Que este ano tócalle a Aranga pedilo aínda que Monfero levou o peso do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

proxecto porque a AEDL de Aranga estaba de baixa e foi Monfero o que redactou o proxecto neste ámbito. Que no tema administrativo e de solicitude é Aranga quen encabeza aínda que Monfero botoulle unha man para solicitalo. Que o importe do obradoiro é dun pouquiño máis de medio millón de euros, 507.213.00€, dos que os concellos achegan 61.637,00. Que ven sendo o mesmo que o do ano pasado, nove meses e un obradoiro forestal. Que xa para o ano seguinte queren implantar un dobre, dez alumnos modalidade forestal e outros dez modalidade de axuda no fogar, porque fan falta traballadoras para este sector nos concellos. Conclúe que xa teñen na resolución todos os datos.

A continuación, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai sometelo a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a resolución da alcaldía á que se refire este punto da orde do día queda ratificada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

### **6.- ACTUALIZACIÓN SALARIAL DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AOS ANOS 2025 E 2026**

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G006/000008, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA**

O 3 de decembro de 2025 publicouse no BOE o Real decreto-lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece:

*“Artigo 1. Incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público para o ano 2025.*

*1. No ano 2025, as retribucións do persoal ao servizo do sector público poderán experimentar un incremento global máximo do 2,5 por cento respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2024, incluído nestas últimas o incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5 por cento recollido no artigo 6.2 da Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e adóptanse medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social. Este incremento retributivo considerarase en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade de leste e terá efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.*

*2. A masa salarial do persoal laboral poderá incrementarse na porcentaxe máxima prevista no apartado 1 deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. Con efectos do 1 de xaneiro de 2025, as cantidades previstas no artigo 14, capítulos I e II do título III, artigos 31, 32.un e disposicións adicionais vixésima sexta, vixésima sétima e vixésima novena.dous da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, actualizadas polo disposto en materia de retribucións na Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, incrementaranse nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

4. As cantidades previstas no artigo 13 e os anexos IV e V da citada Lei 31/2022, do 23 de decembro, actualizadas conforme ao disposto en materia de retribucións na Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, incrementaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2025, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo. Ditas contías incrementaranse coa parte da cota do Mecanismo de Equidade Interxeracional correspondente ao empregador aplicándose o previsto no artigo 127 bis e a disposición transitoria cuadraxésima terceira do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.”

“Artigo 2. Incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público para o ano 2026.

1. No ano 2026, as retribucións do persoal ao servizo do sector público poderán experimentar un incremento global máximo do 1,5 por cento respecto ás vixentes ao 31 de decembro de 2025, incluído nestas últimas o incremento retributivo aprobado neste real decreto-lei. Este incremento retributivo considerarase en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta aos efectivos de persoal como á antigüidade deste e terá efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026.

2. Así mesmo, con efectos do 1 de xaneiro de 2026, aplicarase, no seu caso, un incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5 por cento, respecto ás retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2025, incluído nestas últimas o incremento retributivo aprobado neste real decreto-lei, se a variación do IPC no ano 2026 é igual ou superior ao 1,5 por cento, que se abonará no primeiro trimestre de 2027.

Para estes efectos, unha vez publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) os datos do IPC do ano 2026, aprobarase a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros, que se publicará no BOE.

3. A masa salarial do persoal laboral poderá incrementarse na porcentaxe máxima prevista nos apartados 1 e 2 deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.

4. Con efectos do 1 de xaneiro de 2026, as cantidades previstas no artigo 14, capítulos I e II do título III, artigos 31, 32.un e disposicións adicionais vixésima sexta, vixésima sétima e vixésima novena dúas da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, actualizadas polo disposto neste real decreto-lei, incrementaranse nos termos establecidos nos apartados 1 e 2 deste artigo.

As cantidades previstas no artigo 13 e os anexos IV e V da citada Lei 31/2022, do 23 de decembro, actualizadas conforme ao disposto en materia de retribucións neste real decreto-lei, incrementaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2026, nos termos establecidos nos apartados 1 e 2 deste artigo. Ditas contías incrementaranse coa parte da cota do Mecanismo de Equidade Interxeracional correspondente ao empregador aplicándose o previsto no artigo 127 bis e a disposición transitoria cuadraxésima terceira do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

*“Artigo 3. Efectividade do incremento salarial.*

*1. As Administracións públicas establecerán o calendario de abono dos importes e atrasos correspondentes ao exercicio 2025, no marco correspondente da negociación sindical de cada ámbito de administración. Devandito abono poderá distribuírse durante os exercicios 2026, 2027 e 2028 ou facerse efectivo no mes de decembro de 2025.*

*2. No sector público estatal o incremento correspondente a 2025 farase efectivo no mes de decembro de 2025, abonándose como atrasos os importes correspondentes desde o mes de xaneiro de 2025.”*

Este Real decreto-lei foi convalidado polo Congreso dos Deputados o 11 de decembro de 2025, facéndose público o seu acordo o 16 de decembro de 2025 no BOE e isto convérteo en lei ordinaria.

As Bases de Execución do Orzamento do Concello de 2025, no seu punto 16.1, dispoñen que ante a ausencia de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025 no momento da súa elaboración, as retribucións íntegras do persoal ao servizo do Concello adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2025 ou na norma estatal básica habilitante.

Visto o expediente tramitado, o informe da Secretaría-Intervención e demais documentos que constan asinados no expediente electrónico relacionado da aplicación Tedec e considerando que xa está negociada esta proposta no que respecta ao 2025, que non é mellorable para o 2026 e que a situación demanda unha aprobación urxente, sen máis trámites nin retrasos, tendo en conta que supón o acceso do persoal afectado ás retribucións ás que ten dereito e que o Concello quere aboar.

Considerando que a aplicación dos incrementos salariais previstos no dito Real decreto-lei 14/2025, para os que existe consignación dispoñible e axeitada no orzamento da Corporación neste momento, precisan dun acordo de aprobación, que considero que lle está atribuído ao Pleno da Corporación polo artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propóñoille a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** De acordo co establecido no artigo 1 do Real decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, aplicar a todo o persoal empregado público do Concello de Monfero, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2025, un incremento salarial para o 2025 do 2,5% sobre todas as súas retribucións fixas e periódicas vixentes a 31 de decembro de 2024, incluído nestas últimas o incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5 por cento recollido no artigo 6.2 da Real decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño.

**SEGUNDO.-** Abonar os importes e atrasos correspondentes ao exercicio de 2025 no mes de xaneiro de 2026 no caso de que o permitan as aplicacións e sistemas informáticos cos que se xestionan as nóminas e resulte posible, ou canto antes noutro caso.

**TERCEIRO.-** De acordo co establecido no artigo 2 do Real decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, aplicar a todo o persoal empregado público do Concello de Monfero, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2026, un incremento salarial para o 2026 do 1,5% sobre todas as súas retribucións fixas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

e periódicas vixentes a 31 de decembro de 2025, incluída a actualización para o 2025 prevista no nomeado real decreto-lei.

CUARTO.- Así mesmo, de acordo co artigo 2.2 do Real decreto-lei 14/2025, do 2 de decembro, aplicar a todo o persoal empregado público do Concello de Monfero, un incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5% sobre todas as súas retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2025, nos mesmos termos indicados no parágrafo anterior e no nomeado real decreto-lei, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2026, se a variación do IPC no ano 2026 é igual ou superior ao 1,5%, unha vez que se publiquen polo Instituto Nacional de Estatística (INE) os datos do IPC do ano 2026, se aprobe a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros e se publique no BOE, e se existira crédito suficiente e axeitado no Orzamento vixente da Corporación en dito momento, de forma automática e sen necesidade de máis acordos unha vez que se publique a aprobación da súa aplicación.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Seguidamente, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de aprobar a actualización dos salarios de todos os empregados públicos que ven imposta por lei desde o Goberno Central. Que o 3 de decembro publicouse no BOE un real decreto que establecía que os salarios tiñan que experimentar un incremento do 2,5 por cen no que respecta ao 2025 e, a súa vez, tamén un incremento para o ano 2026 dun 1,5 por cento. Que isto é o que tratan de aprobar aquí hoxe, que lles ven imposto por unha norma estatal.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que o vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada por unanimidade a proposta da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, e, polo tanto, adoptados os acordos que contén.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas aos asistentes e levantou a sesión, ás doce horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor